




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

9 Festa do Lacón con Grelas (Cuntis)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar despois do Domingo de Entroido, co Enterro do Chapante e a degustación de racións de lacón e filloas.

14 Festa da Anguía e Mostra da Caña do País (Valga)

Festa gastronómica de exaltación de dous produtos típicos das terras do Ulla: a anguía e a augardente ou caña do país. Poden degustarse ambos os produtos en diferentes preparacións. Ao final das festas celébrase o conxuro, unha degustación de rosquillas de augardente e a gran queimada. Ten lugar a última semana do mes de agosto.

ENCLAVES NATURAIS

3 Carballeira e xardín botánico (Caldas de Reis)

Espazo natural situado á beira do río Ulla, no centro urbano de Caldas de Reis, declarado Paraxe Pintoresca e Xardín Histórico. Conta con especies dos cinco continentes, variedade de camelias e unha carballeira centenaria. A súa historia está moi relacionada coa tradición termal e a creación de paraxes románticas no século XIX.

4 Ponte e ferverza de Segade (Caldas de Reis)


Ponte sobre o río Ulla de orixe romana pola que pasaba a calzada que unía Tui e Caldas de Reis, remodelada no ano 1729. Moi preto atópase a ferverza de Segade, unha paraxe con ferverzas e pozas dunha gran beleza. No seu contorno consérvanse as ruínas dunha antiga fábrica de luz e algúns muíños de auga.

10 Monte Xiabre (Caldas de Reis, Catoira e Vilagarcía de Arousa)

Sistema montañoso situado na costa, cunha altitude máxima de 641 metros. Del nacen diversos ríos, coma o rego de San Cibrán, o Freixeiro ou o rego do Beco. Na súa cima hai un miradoiro que ofrece espectaculares vistas da ría de Arousa, Caldas de Reis e o val do Ulla.

11 Lagoa de Pedras Miúdas (Catoira)

Zona húmida rexistrada no Inventario de Humidais de Galicia, formado na conca do que foi unha antiga canteira de Catoira. É un exemplo de rexeneración ambiental.




Ferverza de Segade (Caldas de Reis)



Carballeira de Caldas de Reis



Torres de Oeste (Catoira)



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

 Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 10 Caldas

ENTRE RÍOS E MANANCIAS



Ferverza de Segade (Caldas de Reis)



SABOREA A COMARCA DE CALDAS

ENTRE RÍOS E MANANCIAIS

Viaxa polas vilas de Cuntis, Moraña, Portas, Caldas de Reis, Catoira, Valga e Pontecesures, e descubre a sedución da auga. A comarca de Caldas está formada polo esteiro do río Ulla ao norte e os cursos medio e alto do río Umia ao sur. É un territorio con abundante auga superficial –ríos– e tamén con abundantes augas subterráneas con propiedades curativas. A orixe da comarca e tamén da poboación de Caldas precisamente deriva dos mananciais de augas termais, xa utilizadas polos romanos e que se converteron en luxosos balnearios no século XIX.

Os ríos forman paisaxes dunha gran beleza e, ao longo do seu leito, debuxan bosques salvaxes entre rocas e brións, lagoas e pozas de auga verde e altas fervezas, para finalizar en repousados esteiros e zonas húmidas, acubillo de aves migratorias. Pero os ríos tamén marcaron a historia desta terra, coma as numerosas pontes, moitas delas de orixe romana e que facilitaron a comunicación entre as dúas beiras, ou as Torres de Oeste, que controlaban o tránsito fluvial polo río Ulla. Diversos museos ou centros de interpretación difunden toda esta riqueza natural e patrimonial, por exemplo o Museo de Historia de Valga, que nos achega á historia da cidade e nos amosa o patrimonio natural do esteiro do Ulla.




Ponte de Bermaña (Caldas de Reis)



Termas de Cuntis



Termas de Cuntis



- 1 - Cuntis
- 2 - Moraña
- 3 - Portas
- 4 - Caldas de Reis
- 5 - Catoira
- 6 - Valga
- 7 - Pontecesures




Museo da Historia de Valga – Bella Otero (Valga)



Museo da Historia de Valga – Bella Otero (Valga)

ruta 10 Caldas

ENTRE RÍOS E MANANCIAIS



MUSEOS

6 Centro de Investigación e Divulgación do Patrimonio Cultural

Situado na antiga escola de Santa Xusta, propón unha viaxe entre o pasado e o presente da tradición e a historia de Moraña, coa recreación dunha aula da escola e a explicación de ritos ancestrais ou dos oficios tradicionais.

📍 A Igrexa, 20, 36668 Moraña
📞 +34 986 553 005

15 Museo da Historia de Valga – Bella Otero

Presenta o patrimonio natural do territorio e propón un percorrido pola historia de Valga desde os primeiros poboadores ata a época contemporánea. Como fillos ilustres da poboación destacan La Bella Otero e o historiador Xesús Ferro Coucelo. Dispón dun edificio anexo coa recreación etnográfica dunha casa tradicional.

📍 Rúa Baixa s/n, 36645 Valga
📞 +34 986 559 456 🌐 www.valga.es

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

1 Azucreira de Portas

Antiga fábrica azucreira, que actualmente acolle unha escola infantil, un auditorio ao aire libre e un espazo expositivo cunha colección de casas de bonecas, pintura e escultura. A chimenea da antiga fábrica habitouse como miradoiro.

2 Ponte de Bermaña (Caldas de Reis)

Ten a súa orixe na época romana. Foi construído con perpiños de granito, cunha estrutura de tres arcos e tallamares triangulares. Sufriu varias reparacións e modificacións no século XVII. Por esta ponte pasa o Camiño Portugués a Santiago de Compostela.

7 Castro de Castrolandín e centro de interpretación

É un poboado fortificado de finais da Idade do Ferro (séculos IV a.n.e.- I d.n.e.), situado nun esporón granítico no fondo do val do río Galo. Ten unha planta oval, con muralla e parapeto e unha coroa central. O xacemento conta con paneis explicativos que permiten coñecer os diferentes usos das construcións, o sistema defensivo ou o monumental acceso ao poboado, cunha escalinata e torres. O xacemento arqueolóxico dispón dun Centro de Interpretación situado no centro histórico de Cuntis, no que se divulga a cultura castrexa e se ex-

hiben obxectos recuperados no castro, coma os muíños de gran, pezas cerámicas... Tamén se recrean elementos da vida cotiá no castro, coma unha lareira ou un tear. Dispón ademais dun obradoiro de cerámica castrexa no que, desde a arqueoloxía experimental, se recuperan as formas da cerámica documentada en Castrolandín.

8 Termas de Cuntis

A tradición termal de Cuntis ten orixe probablemente na época romana e perdurou ata os nosos días. É un os destinos termais máis importantes de Galicia no que sobresa o Hotel da Virxe, con amplos xardíns e unha conexión directa ao manancial, e o Hotel Castro do Balneario, un tradicional casarón rehabilitado que tamén ofrece tratamentos termais.

12 Torres de Oeste (Catoira)

As orixes das Torres de Oeste son de época castrexa (séculos II-I a.n.e.), aínda que foi no medievo cando se converteron nun dos enclaves máis importantes de Galicia, pois desde alí controlábase o tránsito fluvial do río Ulla. Actualmente consérvanse os restos de dúas torres e a capela.

13 Romaría Viquinga (Catoira)

Festa declarada de Interese Turístico Internacional que conmemora as incursións normandas que tiveron lugar no século XII en territorio galego. O máis rechamante é a recreación da chegada dunha embarcación viquinga, o desembarco e o ataque das Torres de Oeste por parte de viquingos. Ten lugar a primeira fin de semana de agosto.

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

A comarca de Caldas ofrece grandes posibilidades gastronómicas para gozar ao longo desta ruta, coma o marisco e o peixe, a lamprea, as angulas, as empanadas, os viños, o carneiro ao espeto ou o roscón de Caldas.

5 Festa do Carneiro ao Espeto (Moraña)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar na carballeira de Santa Lucía. Ásanse lentamente en brasas de madeira de carballo carneiros abertos en canal. A degustación de carne acompáñase doutros produtos coma a empanada, o pan ou un bo viño da zona. Ten lugar a última fin de semana de xullo.



Museo da Historia de Valga – Bella Otero (Valga)



Azucreira de Portas



Contorno da ponte do Bermaña (Caldas de Reis)



Castro de Castrolandín (Cuntis)